

**Nº Expte.: IN408A 2020/087**

Denominación do proxecto: **Parque Eólico Serra do Furco**

Solicitante/Promotor: Enel Green Power España S.L. NIF B61234613

Situación: Concello de Becerreá (Lugo)

## 1 ANTECEDENTES

Con data 15/09/2022 recíbese na Área de Obras e Mantemento da Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Serra do Furco, dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo facilitou a este organismo o acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra do Furco (EIA) (Asinado 13/06/2022).
- Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape.

En base a esta documentación emítese o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona, así como as medidas protectoras ou correctoras a adoptar para mitigar os posibles efectos adversos do mesmo.

**A documentación presentada polo promotor carece dunha análise sobre o impacto das infraestruturas proxectadas sobre os valores turísticos da zona.**

TURISMO DE GALICIA  
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA  
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)  
15897 Santiago de Compostela  
turismo.gal





## 2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxéctase a construción dun parque eólico no concello de Becerreá (Lugo) formado por 7 aerogeradores da plataforma SG170, 5 aerogeradores de potencia unitaria 6MW e 2 aerogeradores de 5MW, o que supón unha potencia total do parque eólico de 40MW. A plataforma de aerogerador SG170 presenta 170m de diámetro de rotor e unha altura de buxe de 115m (altura total 200m).

As coordenadas dos aerogeradores proxectados son as seguintes:

COORDENADAS AEROXERADORES UTM (ETRS89, Huso 29)			
Id	X	Y	Concello
SF01	648.474	4.751.663	Becerreá
SF02	648.630	4.751.202	Becerreá
SF03	648.835	4.750.776	Becerreá
SF04	649.441	4.750.184	Becerreá
SF05	649.789	4.749.803	Becerreá
SF06	649.977	4.749.412	Becerreá
SF07	650.325	4.747.875	Becerreá

O proxecto inclúe tamén a obra civil necesaria para a instalación dos aerogeradores (plataformas, cimentacións e unha zona de acopio de materiais durante a fase de obras), así como e a construción da subestación eléctrica, a instalación da torre meteorolóxica e a execución de gabias para o tendido dos fíos soterrados.

Para acceder ao parque eólico están previstos dous accesos dende a estrada DP-07-08, un para acceder ao aerogerador SF07 e outro ao resto de instalacións do parque. En total está prevista á construción de 3,92 km de viais novos e o acondicionamento de 1,504 km de camiños existentes.

A enerxía xerada será transportada mediante liñas soterradas de 33 kV de interconexión entre os aerogeradores e a subestación 33/220 kV Serra do Furco.

A subestación eléctrica "Serra do Furco" emprazarase nunha parcela rectangular, cunhas dimensións exteriores de 104x50 metros e unha superficie aproximada de 5.200m<sup>2</sup>.

COORDENADAS SET UTM (HUSO 29 – ETRS89)		
Núm. Vértice	X	Y
1	649.100,00	4.750.762,00
2	649.127,00	4.750.712,00
3	649.034,00	4.750.664,00
4	649.008,00	4.750.714,00





### 3 DESCRICIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.

O sector turístico da zona afectada baséase fundamentalmente nos valores naturais do entorno, as súas paisaxes e o patrimonio etnográfico, destacando as rutas e instalacións orientadas a un turismo activo, de natureza e aventura. O concello de Becerreá sitúase na montaña lucense, como punto de partida para acceder a un dos principais enclaves naturais de Galicia: Serra dos Ancares. Conta ademais con outros espazos de singular beleza, coma o val do río Navia, onde se atopan varios coutos de pesca, o Mosteiro de Santa María de Penamaior, as pontes de Cruzul e Gatín, así como varias rutas de sendeirismo e miradoiros.

Trátase dun turismo sen masificar, de proximidade, con pequenos aloxamentos de turismo rural e que conta con grandes recursos ao aire libre vencellados á natureza, ao patrimonio cultural, e ás actividades de ocio ao aire libre.

Na contorna do parque eólico atópase o núcleo poboacional de Becerreá, a un quilómetro de distancia aproximadamente. Neste núcleo concéntranse gran parte dos servizos da comarca dos Ancares, centro de saúde, restaurantes e establecementos hoteleiros, piscina e campo de fútbol municipal, estacións de servizo, o mercado gandeiro, etc. Moi próxima ao futuro parque eólico, a uns 650 m dos aeroxeradores proxectados, transcorre a autovía do Noroeste (A6).

O principal efecto sobre o turismo da zona virá provocado pola afección da nova infraestrutura sobre os elementos de interese turístico próximos á mesma, debido principalmente ao posible impacto na paisaxe, nos elementos patrimoniais e nas actividades de ocio activo próximas, coma os sendeiros.

#### 3.1 Elementos de interese turístico na contorna do parque eólico

A unha distancia de 10 km do parque eólico localízanse os seguintes elementos de interese dende o punto de vista do patrimonio natural, cultural e paisaxístico:

##### 3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

A calidade do entorno natural, a súa diversidade e o valor dos recursos naturais son tres dos aspectos máis valorados na elección dun destino de turismo da natureza<sup>1</sup>. Estudos realizados a escala da Unión Europea sinalan que o 21% dos turistas valoran a presenza de lugares da Rede Natura 2000 á hora de seleccionar os seus destinos<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Secretaría General de Turismo, 2004. El turismo de naturaleza en España y su plan de impulso. Estudios de productos turísticos. Secretaría General de Turismo, Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.

<sup>2</sup> Bio Intelligence Service (2011), Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final report prepared for European Commission-DG Environment.





O parque eólico Serra do Furco non afecta directamente ningún espazo incluído na Rede Natura 2000. Os máis próximos serían a ZEC Cruzul-Agüeira (ES1120007), a uns 2 km cara o sueste e a ZEC ZEC Ancares Courel (ES1120001), a uns 4,6 km cara o leste.

### 3.1.2 Elementos de interese turístico: patrimonio cultural e etnográfico

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades de lecer a menos de 10 km da poligonal do parque:

Denominación	Concello
IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ	As Nogais
PAZO DE ARANZA	Baralla
PAZO DE VILAMEIXE	Baralla
PAZO DE SÁA O DE CEDRÓN	Láncara
TORRE DE PIÑEIRA	Baralla
MOSTEIRO SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
ALDEA DE ALBAREDO	Baleira
CAPELA DE SANTA BÁRBARA	Baleira
CASTRO DE CERVANTES	Cervantes
CASA-TORRE DE BASILLE	Baralla
IGREXA DE SAN COSME DE OUSELLE	Becerreá
CRUZUL-AGÜEIRA	Becerreá
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍN DE NEIRA DE REI	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE POUSADA	Baleira
IGREXA DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CÓRNEAS	Baleira
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CEDRÓN	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE BERSELOS	Baralla
PAZO DE ESPÍÑA	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE PACIOS	Baralla

Nesta contorna de 10 km atópanse os seguintes **Bens de Interese Cultural (BIC)**:

- Igrexa de Santa María de Penamaior
- Torre de Neira (Torre Vella)

Neste entorno, o Plan Básico Autonómico recolle 298 elementos de patrimonio inventariados, entre os que hai numerosos hórreos e fontes, e construcións de orixe relixioso, coma igrexas, capelas e cruceiros.

Tamén se observa unha significativa presenza de xacementos arqueolóxicos, cunha gran presenza de castros, mostra da riqueza patrimonial da zona.

#### 3.1.2.1 *Camiño de Santiago:*

O parque sitúase entre o Camiño Norte Interior polo norte e o Camiño Francés polo sur, situados ambos a máis de 13 km das posicións dos aeroxeradores.





### 3.1.3 Elementos de interese turístico: paisaxe

No entorno do parque eólico Serra do Furco, nun radio de 10 km, atopamos os seguintes elementos de interese turístico:

#### 3.1.3.1 *Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)*

- AEIP Cruzul-Agüeira (AEIP\_01\_11), a uns 2 km ao sueste do parque.
- AEIP Río Navia (AEIP\_01\_10), a uns 3,5 km ao leste.

Xa a maior distancia, superior a 13 km, atópase a AEIP A Marronda, O Ribón e Monte Grande (AEIP\_01\_07).

#### 3.1.3.2 *Miradoiros*

Os miradoiros máis próximos á área de implantación son:

- Miradoiro de Penamaior, a unha distancia aproximada de 3,9 km.
- Miradoiro de Montes de Restelo, a uns 9,8 km de distancia.
- Miradoiro de Medorra II, xa a máis de 11 km do parque eólico.

#### 3.1.3.3 *Rutas de sendeirismo e cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:*

- A pouca distancia, aproximadamente a uns 190 metros, discorre o itinerario patrimonial das Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal). Trátase dun itinerario duns 20,6 km que cruzaría o parque eólico entre os dous aerogeradores máis ao sur (SF06 e SF07).
- A 1,3 km do parque eólico transcorre o itinerario natural Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá), seguido do itinerario natural NAT 047 Torallo-Torallo (Ribeira do Navia).
- A maior distancia -aproximadamente 4,6 km- localízase o itinerario panorámico que vai dende A Proba de Navia a As Pontes de Gatín.
- A uns 7 km de distancia localízanse a ruta cicloturística alto do Restelo, o itinerario natural NAT032 San Román de Cervantes-Quindous e a ruta de sendeirismo PR-G 159 Sendeiro Quintá – Río Donsal.
- A máis de 10 km atoparíanse o itinerario patrimonial dos Hórreos de Doncos (Ferrería da Grupa-Xirigados), a ruta de sendeirismo PR-G 134 Sendeiro "Muíños do Nacente" e o itinerario panorámico de Pedrafita do Cebreiro a Samos, xa a máis de 13 km.

### 3.1.4 Outros puntos de interese

A raíz da crise da COVID-19 rexistrouse un importante incremento do turismo en autocaravana, xa que permite facer turismo local con total flexibilidade.

Nun radio de 10 km do parque eólico localízanse 3 áreas de autocaravana (Baralla, As Nogais e Becerreá), sendo esta última a máis próxima.





### 3.2 Establecementos turísticos

No visor da Axencia de Turismo de Galicia ([www.turismo.gal](http://www.turismo.gal)), nun radio de 10 km, atópanse os seguintes establecementos turísticos:

Nome establecemento	Concello
AIRA DE ANCARES	Cervantes
A LAREIRA	As Nogais
CASA BOUZA	Becerreá
CASA POY	Becerreá
CASA LEJO	Baralla
O VILARPUNTEIRO	Baralla
O CARRO	As Nogais
O MUIÑO	As Nogais
HOSTAL RIVERA	Becerreá
HOTEL PONTES DE GATÍN	Becerreá
PENSIÓN R. HERBÓN	Becerreá
ANCARES	Cervantes
APARTAMENTOS HERBON	Becerreá

### 3.3 Presenza doutros parques eólicos

Outro factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución deste parque eólico podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxicos e acumulativos.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, actualmente nun radio de 5 km arredor do parque eólico Serra do Furco localízase 1 parque eólico autorizado (parque eólico Serra do Punago); un parque eólico xa sometido ao trámite de información pública (parque eólico Monteiro); 2 parques eólicos en trámites previos (Chao do Marco e Serra do Colmo); ademais dun parque eólico sen acceso á rede de evacuación (parque eólico Pena do Pico).

## 4. ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

O Estudo de Impacto Ambiental (EIA) (Asinado 13/06/22) carece dunha análise sobre o impacto das infraestruturas proxectadas sobre os valores turísticos da zona, nin establece - en caso necesario- medidas específicas para eliminar ou mitigar os impactos negativos que se poidan orixinar sobre a actividade turística da contorna.

Os principais efectos negativos que este proxecto pode ter sobre o turismo da zona son:





- As molestias orixinadas polas obras de execución (ruídos, polvo, movemento de vehículos e maquinaria...)
- Os derivados da alteración da paisaxe.
- Os provocados polo funcionamento dos aeroxeradores e demais instalacións (ruídos, radiacións electromagnéticas, efecto sombra parpadeante...)
- As posibles alteracións sobre elementos culturais ou rutas de interese turístico.

O EIA inclúe un estudo de impacto paisaxístico específico no que se analiza a visibilidade dos aeroxeradores. Para valorar a visibilidade do proxecto empregouse unha cunca visual de 20 km arredor do parque eólico, analizando a súa visibilidade dende os espazos naturais protexidos próximos, bens de interese cultural, áreas de especial interese paisaxístico, Camiño de Santiago, núcleos de poboación, miradoiros e establecementos hoteleiros, entre outros. Non obstante, non se realiza unha valoración do impacto do proxecto sobre o turismo nin se establecen medidas protectoras, correctoras e compensatorias a este respecto.

## 5. CONCLUSIÓNS

De acordo coa información aportada polo Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo con data 15/09/2022, resúmense a continuación os principais aspectos a ter en conta:

1. A infraestrutura proxectada é visible dende varios puntos de interese turístico, polo que o Estudo de Impacto Ambiental deberá incluír unha avaliación sobre as posibles afeccións das infraestruturas proxectadas, así como o seu efecto conxunto cos parques eólicos próximos sobre:
  - Elementos de patrimonio cultural e natural de referencia, miradoiros, rutas de sendeirismo, etc.
  - Instalacións turísticas como hoteis, casas rurais, hospedaría, etc.
- Analizarase especialmente a posible afección sobre os espazos naturais protexidos máis próximos (ZEC Cruzul-Agüeira e ZEC Ancares-Courel), as Áreas de Especial Interese Paisaxístico máis a carón, especialmente AEIP Cruzul-Agüeira e AEIP Río Navia, Bens de Interese Cultural (Igrexa de Santa María de Penamaior e Torre de Neira), miradoiros e roteiros e ciclo rutas máis próximas descritas no anterior apartado.
2. No caso de identificarse impactos negativos, deberán propoñerse medidas de eliminación, mitigación ou compensación do mesmo. As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coherentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.

Posto que o principal efecto negativo do proxecto é a súa afección sobre a paisaxe, no caso de que se determine unha visibilidade elevada dende algúns dos puntos





antes indicados, o promotor deberá establecer medidas específicas para reducilas, como pode ser a colocación de pantallas vexetais en determinados puntos.

Como medidas compensatorias, de ser necesarias, estableceranse medidas concretas para á posta en valor dos bens afectados e a súa contorna, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos prexudicados.

A este respecto, sinalar que dada a escasa distancia que separaría os aeroxeradores do itinerario patrimonial das Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal), deberán propoñerse medidas correctoras e compensatorias específicas para este elemento.

No caso de establecementos hoteleiros e puntos de interese turístico directamente afectados pola visibilidade do proxecto, e sempre que a perda de calidade visual dende o punto estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que instalaranse sempre que resulten técnica e economicamente viables, ou ben medidas compensatorias a acordar cos afectados.

3. O promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico da zona, establecendo as medidas necesarias para corrixir os posibles impactos negativos que se observen. En concreto, controlaranse os niveis acústicos no entorno dos establecementos turísticos próximos tanto na fase de construción como de explotación. Así mesmo, realizarase un seguimento do parpadeo de sombras xerado durante a fase de funcionamento naqueles establecementos que pola súa proximidade e localización sexan susceptibles de verse afectados. Para a realización desta análise teranse en conta tamén as horas de parpadeo de sombras xeradas por outros parques eólicos próximos.

Por conseguinte, en base á información dispoñible, **non é posible determinar con total seguridade os efectos da execución deste proxecto**, Parque Eólico Serra do Furco, **sobre os valores turísticos da zona.**

Así pois, para poder dar resposta á consulta formulada sería preciso **completar o Estudo de Impacto Ambiental** naqueles aspectos sinalados anteriormente.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

